



C/ Manoel Antonio, 4, 1º
15570 Narón – A Coruña
Tlf.- 617 040 992
correo@asociacioncometa.com
www.asociacioncometa.com

MEMORIA DE XESTIÓN – ANO 2008

Difusión, educación e sensibilización

- Un ano máis en 2009 a asociación, grazas á colaboración de Juan Chedas, tivo **postos informativos** no Concurso de Perruquería Canina, no C.C. Odeón e no Concurso Hípico de Narón, no paseo de Xubia.
- Continuáronse celebrando **rastrillos benéficos** nos feiróns mensuais de Caranza (primeiro sábado de mes) e Santa Icíá (primeiro domingo de mes). Ademais dos donativos obtidos, investidos nos terreos nos que se ubicará o albergue, estas citas permítennos achegar ó traballo da asociación á xente, converténdose nun punto de encontro mensual.

- Páxina web

Mellorouse á páxina web da asociación, tanto en forma como en contido, poñendo ademais en marcha unha conta de **correo electrónico** baixo o dominio asociacioncometa.com e creándose varias listas de distribución de correo para socios, adoptantes, etc, coa intención de mellorar a comunicación interna e a difusión.

- Operación Can

A Unión de Protectoras Federadas de Galicia, da que COMETA forma parte, puxo en marcha un interesante proxecto, a organización dun concurso de cancións nas que rapaces e rapazas de toda Galicia tentaron concienciar sobre o respecto os animais e á natureza. O proxecto deu como resultado un CD e un DVD cos temas seleccionados, que está á venda ao prezo de 12,50 €.

- Nenos

Dende o principio hai un tema que nos preocupa moito, a educación dos pequenos. Neste sentido editamos un conto dirixido a nenos de Primaria, “As aventuras de Brisco” que conta a historia dun pequeno can abandonado. Estamos a preparar unha actividade para nenos mais pequenos, de 3 a 5 anos, para propiciar un primeiro contacto respectuoso cos animais.

Atención a animais abandonados e maltratados

En setembro de 2006 a Xunta Directiva da Asociación COMETA acordara en asemblea paralizar o traballo de recollida de animais abandonados principalmente por dous motivos: falta de voluntarios e a intención de centrar os esforzos en lograr un refuxio propio.

Ademais a principios deste ano 2008 atopámonos cun problema: a Asociación COMETA foi denunciada ante a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia por recoller animais “sen autorización, en instalacións ilegais e en condicións inadecuadas”, cando o certo é que a asociación carece polo momento de instalacións, nin propias nin cedidas, para a recollida de animais abandonados. Pero esta denuncia, e outras posteriores presentadas pola mesma persoa, impídenos continuar coa recollida e atención de animais abandonados ata a obtención da licenza.

Todo o que intenta a Asociación COMETA e mellorar as condicións dos animais nunha comarca, a de Ferrolterra, na que non existe un centro de recollida de animais abandonados. Sen embargo



C/ Manoel Antonio, 4, 1º
15570 Narón – A Coruña
Tlf.- 617 040 992
correo@asociacioncometa.com
www.asociacioncometa.com

ninguén investiga que fan con estes animais os once concellos que a compoñen, nin se lles esixe que cumpran coas obrigas que lles asigna á Lei. Dende hai anos temos que ver con impotencia como moitos animais abandonados (e outros que non o están) son recollidos sen licenza para facelo e sen instalacións para albergalos; como son “eliminados”, nalgúns casos antes dunha semana, sen ter a máis mínima oportunidade. Tivemos que curar cans escuálidos, cheos de pulgas, carrachas e parásitos intestinais (a pesar de ter pasado vinte días nunha clínica veterinaria), despois de ter sido recollidos da rúa por unha empresa pagada cos nosos impostos. Temos que ver constantemente, e sen poder facer nada, animais que levan meses vagando polas rúas sen que os concellos se fagan cargo deles a pesar das insistentes chamadas para que os recollan (en ocasións dende as administracións locais permítense incluso facilitar ós cidadáns o teléfono da Asociación COMETA para que recollamos nós ao animal). Sorpréndenos sobre todo que despois de ter denunciada esta situación en 2006 ningúen pida contas a ningún concello e a empresa que está a cobrar cartos públicos por realizar unha actividade supostamente ilegal poida seguir facéndoo sen que ningúen o impida. En cambio unha asociación sen ánimo de lucro que conta só co traballo de persoas que dedican o seu tempo e o seu diñeiro a intentar mellorar a vida dos animais impídeselle recoller.

Inda que non se recolleron animais, a asociación axudou a todos aqueles que pola súa situación corrían grave perigo (feridos, maltratados,...) Introducíronse melloras nas condicións de adopción, entregándose o animal ao adoptante, ademais de desparasitado e co microchip, vacunado i esterilizado. Isto último foi posible grazas ao convenio de colaboración suscrito pola Upafga co Hospital Veterinario Rof Codina de Lugo e á axuda desinteresada da Clínica del Sol de Coruña. Continuamos facendo o seguimento dos animais dados en adopción, ata que consideramos que están plenamente adaptados ás súas novas familias, e que non existe risco de maltrato ou abandono.

Refuxio

A asociación, ante a pasividade dos concellos e a súa negativa a darnos calquera tipo de axuda, veuse na obriga de mercar un terreo mediante un préstamo persoal solicitado por varios socios. Unha vez realizado o proxecto técnico de construción da 1ª fase do refuxio, a finais de 2007 solicitouse no Concello de Narón licenza para a construción. Solicitouse ademais licenza para a construción dun pozo de auga potable e do peche da finca, obras que xa foron realizadas grazas ao traballo dos voluntarios.

En xullo de 2008 recibimos do Concello unha comunicación na que nos requerían, para poder solicitar autorización á Xunta de Galicia, ademais de documentación adicional, unha modificación do proxecto técnico de construción. Todo isto retrasou inda mais os tramites para a obtención da licenza.

Denuncias

Inda que a concienciación na sociedade aumenta rapidamente, este é o campo no que mais dificultades estamos a atopar. A patrulla do Seprona que traballa na zona é reducida en persoal, as policía locais e os concellos non están a facilitar a nosa labor, facendo que en ocasións salvar a un



C/ Manoel Antonio, 4, 1º
15570 Narón – A Coruña
Tlf.- 617 040 992
correo@asociacioncometa.com
www.asociacioncometa.com

animal maltratado sexa unha verdadeira odisea, tanto para que se considere maltrato certas situacións (especialmente por parte da policía local) como para que os animais maltratados poidan ser incautados e atendidos.

A pesar das dificultades este ano continuamos presentando denuncias por maltrato, fundamentalmente de cans e cabalos, e facendo o seguimento da súa situación.

Mougá

Non podemos esquecer a responsabilidade dos concellos, que non amosan o menor interese en por en marcha un proxecto co que cumpran dunha vez por todas coas súas obrigas: a construción dun refuxio onde se poidan recoller todos os animais da comarca, no que poidan vivir dignamente o tempo necesario e no que non teñan data de execución.

Agora que por fin parecía que a situación melloraría co anuncio por parte do Concello de Ferrol da rehabilitación da Canceira de Mougá, atopámonos que ante esta oportunidade o goberno municipal empéñase en manter a deficiente situación construíndo unha cancela insuficiente na que desgraciadamente teremos que ver morrer nos próximos anos centos de animais.

Ante a precaria situación dos animais abandonados en toda a comarca o pasado ano 2008 a Asociación COMETA centrou parte dos seus esforzos en manter conversas con alcaldes e concelleiros delegados de Medio Ambiente de varios concellos da comarca. A intención era coñecer os proxectos que cada concello tiña sobre a recollida de animais abandonados, así como dar a coñecer cal era para a asociación o modelo mais axeitado: un albergue que dese servizo a toda a comarca seguindo unha política proteccionista, que eliminase o sacrificio indiscriminado potenciando en cambio as adopcións estudar, xunto cos responsables de outros municipios, un proxecto destas características. Pidiu que fose COMETA quen se encargase da convocatoria da xuntanza e asistise para ofrecer asesoramento. responsables e o voluntariado.

Nunha desas conversas Manuel Ramos, concelleiro de Medio Ambiente de Narón, manifestou a disposición do concello a Despois de moitos esforzos fixouse a xuntanza para o día 26 de setembro de 2007 no Concello de Narón, co compromiso de asistencia de representantes dos municipios de Ferrol, Narón, Fene, Neda, Valdoviño, Cedeira, Ares, Mugardos e San Sadurniño.

Ante a nosa sorpresa, o día 24 de setembro a Concelleira Delegada de Medio Ambiente de Ferrol, María López, cancela de forma unilateral a cita, encargándose o propio Concello de Ferrol de desconvocar a todos os implicados, inda que co compromiso de atopar outra data o antes posible. Dende entón representantes de COMETA entrevistáronse en varias ocasións con María López, manifestándolle en cada ocasión cal é para nos o único modelo aceptable: un albergue comarcal e proteccionista, seguindo o modelo do que está a funcionar en Santiago, aportando datos técnicos e económicos do proxecto. Ademais trasladámoslle á Concelleira o ofrecemento tanto do Concello de Santiago como da dirección do refuxio para visitar o centro, coñecer o seu funcionamento e, incluso, poder levar o proxecto técnico de construción para trasladalo a Ferrol.

Sen embargo o Concello de Ferrol insiste en dar un paso atrás no tempo e pechar os ollos a todo o aprendido en canto os animais abandonados. Inda que pretendan enganar ós cidadáns facendo pasar a cancela por un bonito albergue no que non existirá o sacrificio, a realidade é outra: a cancela de Mougá non ten capacidade nin o equipamento necesario para poder evitar os sacrificios.



C/ Manoel Antonio, 4, 1º
 15570 Narón – A Coruña
 Tlf.- 617 040 992
 correo@asociacioncometa.com
 www.asociacioncometa.com

Por todo isto fixemos unha intensa campaña de protestas e para informar á cidadanía da situación real e das alternativas propostas.

REFUXIO DE SANTIAGO versus CANCEIRA DE MOUGÁ

	Refuxio de Bando	Canceira de Mougá
Participación das protectoras de animais locais	Si	Non
Investimento	395.000 €(inclúe tanto a construción como a dotación)	295.753,24 €(para rehabilitar as instalacións xa existentes)
Superficie total	15.000 m ²	1.000 m ²
Superficie construída	7.000 m ²	-----
Superficie para exercicio e socialización dos animais	8.000 m ²	0 m ²
Capacidade	Máis de 400 animais	Aprox. 70 animais
Quirófano	Si	Non
Salas de hospitalización	Si	Non
Vestuarios para o persoal	Si	Non
Almacén para a comida dos animais	Si	Non
Salas para bañar ós animais	Si	Non
Canceiras	Zona interior protexida e patio exterior	Exteriores, á intemperie
Zonas de corentena	Interiores e illadas	Exteriores, á intemperie
Zonas para animais feridos	Interiores	Exteriores, á intemperie
Gateiras	Interiores con patio exterior	Exteriores, á intemperie

Narón, 24 de abril de 2009